

Resolución do 29 de agosto de 2018, do Director-Xerente de SEAGA, no proceso selectivo para a selección e contratación entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Xestión de Actuacións”, pola que se aproba a lista de contratación e de agarda definitiva.

Por resolución do 21 de agosto de 2018 da comisión de selección aprobouse e fíxose pública a lista provisional de contratación, entre os candidatos incluídos nas listas previas na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Xestión de Actuacións”.

Transcorrido o prazo establecido para a presentación de reclamacións sobre a lista de contratación, e de conformidade co establecido nas bases específicas II 2.8 das que rexen o proceso, o Director-Xerente **ACORDA:**

Primeiro.- Resolver as reclamacións efectuadas.

Resolver as reclamacións efectuadas contra a lista provisional na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Xestión de Actuacións”.

Segundo.- Facer pública a lista de contratación definitiva de candidatos trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de contratación.

Facer pública a lista de contratación definitiva de candidatos, trala resolución das reclamacións efectuadas contra a lista provisional de contratación na categoría de Enxeñeiro Técnico Forestal, perfil “Xestión de Actuacións”, por duplicado exemplar, que figura como ANEXO, un exemplar no que os candidatos figuran por orde descendente á puntuación obtida, e outro exemplar no que os candidatos figuran por orde ascendente do D.N.I., discapacidade e especificando o posto de prelación e a puntuación total acadada.

Santiago de Compostela, a 29 de agosto de 2018.

O Director-Xerente.

A blue ink signature of Pablo Arbones Maciñeira is written over a circular official stamp. The stamp contains the text "EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, S.A." around the perimeter, the "seaga" logo in the center, and the identification number "C.I.F. 70088867" at the bottom.

Asdo.-Pablo Arbones Maciñeira.